

Escolas Obradoiro

Centros de traballo e formación nos que as persoas mozas desempregadas reciben formación profesional ocupacional en alternancia coa práctica profesional (traballo en obra real), co fin de que unha vez terminado o programa estean capacitadas para o desempeño axeitado do oficio aprendido e sexa máis fácil o seu acceso ó mercado laboral.

As actividades teñen que estar relacionadas:

- Coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.
- Coa rehabilitación de contornos urbanos ou do medio ambiente.
- Coa recuperación e acondicionamento de infraestruturas de titularidade pública que sirvan de base para os centros de iniciativas empresariais.
- Calquera outra actividade, de carácter público ou social, que permita a inserción a través da profesionalización e da adquisición de experiencia das persoas participantes.

REQUISITOS:

- Persoas entre 16 e 24 anos. No caso de persoas discapacitadas non existe límite de idade.
- Inscritas na oficina de emprego
- Ser español ou membro da Unión Europea (ou Espazo Económico Europeo), ou traballador non comunitario en posesión de autorización de residencia / traballo en vigor
- Non estar imposibilitado para o traballo

CONCEPTO:

- Medida activa de fomento do emprego
- Programa público mixto (formación/ emprego)
- Finalidade:
 - Mellorar ocupabilidade
 - Facilitar inserción no mercado de traballo.

OBXECTOS DE ACTUACIÓN:

- Obras ou servizos de utilidade pública ou interese social.
- Novos filóns de emprego.

DURACIÓN:

- Entre 12 e 24 meses.

PROMOTORES:

- Entidades locais e os seus organismos autónomos.
- Entidades sen ánimo de lucro.

METODOLOXÍA FORMATIVA:

- Aprender traballando.

ITINERARIO FORMATIVO:

- 1ª Fase: (6 meses) Formación profesional ocupacional. Alumnos.
- 2ª Fase: (Entre 6 e 18 meses). Prácticas e traballo real. Contrato para a formación. Traballadores.

NOTA: O contrato para a formación realízase ata os 21 anos pero faise unha excepción nas Escolas Obradoiro nas que se pode realizar este tipo de contrato ata os 24 anos ou sen limitación de idade no caso de persoas discapacitadas.

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Información sobre técnicas de busca de emprego e orientación laboral
- Formación sobre autoemprego e creación de pequenas empresas
- Módulo de sensibilización medioambiental
- Módulo de alfabetización informática
- Formación en prevención de riscos laborais
- Módulo de sensibilización na igualdade de xénero

RETRIBUCIÓN:

- 1ª Fase: 6,01 euros diarios
- 2ª Fase: 75 % do SMI (Salario Mínimo Interprofesional).



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Asociación
de Desenvolvemento
Local de
Camariñas
ADL

TITULACIÓNS E DIPLOMAS:

- Certificado da entidade promotora: horas, módulos, competencia adquirida.
- Diploma da consellería.

APOIO POSTERIOR:

- Asistencia técnica: 6 meses.
- Inserción laboral: 6 / 12 meses seguimento.

OUTRA FORMACIÓN:

- Educación compensatoria: ESO.

COMO SE SOLICITA?:

Solicítase na **Oficina de Emprego** como servizo. É importante ter en conta que os servizos se eliminan a finais de cada ano polo que deben solicitarse en tódolos anos nos que unha persoa estea interesada en participar na Escola Obradoiro.